



Ceip Quintela-Moaña

Equipo de Biblioteca

CLASIFICACIÓN DECIMAL UNIVERSAL

Como sabedes, é a clasificación que se usa na maior parte dos catálogos bibliográficos de España. É unha táboa con 10 apartados, na que o nº 4 aparece baleiro.



No CEIP Quintela temos organizada a colección organizada pola CDU, pero con un criterio adaptado as características do noso cole.

Os criterios son unha adaptación dos da asesoría de bibliotecas escolares de Galicia, e da asociación Germán Sánchez Ruipérez.

Na biblioteca temos un mural con unha margarida que representa os 10 apartados:

0 - CADRADO MARRÓN no canto do libro:

Obras de consulta xeral: dicionarios, enciclopedias, anuarios, ...

En xeral nós poñemos 03 que é o que corresponde a enciclopedias e dicionarios.

Tede en conta que as enciclopedias poden ser específicas de arte, ou historia, etc...nese caso hai as opcións de poñela no seu apartado correspondente...pero tamén a de deixalas en enciclopedias.Nas bibliotecas públicas faise así,pero en ensino, non é preciso.

Nós, nese caso, deixamos aquí todas as enciclopedias, porque como non se prestan, e queda todo máis localizado.

Pero calqueina das dúas opcións é válida.

1 - CADRADO AZUL CLARO no canto do libro:

Filosofía, Psicoloxía, Etica

Neste apartado non hai moito...Ponse directamente o 1

2 - CADRADO VERMELLO no canto do libro:

Relixións e mitoloxía. Igual que no anterior

3 - CADRADO LARANXA no canto do libro:

Ciencias sociais, Estadística, Política, Economía, Comercio, Dereito, Educación

Nesta clase hai bastante.Propoñemos poñer no alto da estantería :3.Ciencias Sociais, e no canto dos libros poñeremos:

31.Para libros de Socioloxía e Estadística

32. Política

33.Economía

34. Dereito

35.Administración, goberno.

36.Servicios sociais

37.Educación (aquí hai que poñer unha sección ou balda dedicada a iso)

38. Turismo

39. Etnografía.

As veces non temos libros suficientes para encher unha balda, entón poñémolos xuntos, pero ordenados (31, cos 32., e logo os 33,...) e no alto sempre 3.Ciencias Sociais

Si temos moitos dun apartado específico de Educación, poñemos 37. Educación...Por exemplo, nós temos varios estantes con 37. Educación, e logo un que pon 37.Educación emocional, e outro 37. Educación .Animación a lectura.

Neste caso levan no canto a etiqueta laranxa co 37 enriba, e por diante unha autoadhesivo que pon "Educación emocional"

4 - BALEIRO (na margarida, en negro). Usámolo para os libros de produción propia. (Edicións Quintela)

5 - CADRADO VERDE no canto do libro:

Ciencias exactas e Naturais

Neste apartado hai bastantes fondos tamén.

50. Ecoloxía, medio ambiente, ciencias en xeral

51. Matemáticas

52.Astronomía, Astrofísica.(este tema gústalles, hai que ter fondos)

53. Física.

54 Química.(este e o anterior poden ir xuntos,)

55.Ciencias Naturais, Xeoloxía, Ciencias da Terra.

56. Paleontoloxía.(os dinosauros, hai que ter moitos)

58. Botánica. (aquí van os libros de plantas)

59.Zooloxía.(aquí van os de animais)

6 - CADRADO AZUL OSCURO no canto do libro:

Ciencias aplicadas

60. Inventos e descubrimentos

61. Medicina (aquí temos o corpo humano, e a saúde)

62. Experimentos. Máquinas. Inxeniería. Comunicación e Transportes.

63. Agricultura. Gandería. Caza. Pesca

64. Cociña

67.Industrias diversas.

68. Informática.

7 - CADRADO ROSA (ou MALVA) no canto do libro:

Arte, Música, Deportes, Xogos. Espectáculos.

71.Museos

72.Arquitectura

73. Escultura.Artes plásticas

74. Manualidades, artesanía.

75.Pintura.Debuxo

77.Fotografía.

78.Música

79. Xogos, deportes e diversións.

8 - CADRADO AMARELO no canto do libro:

Esta é a **Literatura**.

Nas bibliotecas públicasponse en gris, pero nos colexios en amarelo. Aquí imos poñer os libros de consulta de literatura, as antoloxías literarias e poéticas, a lingüística, a ortografía, a gramática. Aquí poñemos tamén os das letras galegas, e os libros de idiomas.

Os libros de literatura están colocados por idades noutros recantos da biblioteca:

Estes levan etiquetas no lombo máis pequenas,(son os gomets cadrados)

Colócanse mellor por coleccións e teñen seccións poñéndolles un carteliño ou un pictograma.

Prelectores, 3 a 6 anos, **Etiqueta azul.**

Nós témolas por coleccións, excepto os seguintes apartados:

Para ler e mirar:

- Contos clásicos
- Contos con pictogramas
- Contos de medo
- Contos de amigos
- Educación emocional (Ser mellores)

Para saber e aprender:

- Animais
- Natureza
- Saber

Para diferencialos dos outros, levan un cartel na fronte ou un pictograma.

Lectores en marcha ,6 a 9 anos. **Etiqueta vermella.**

Igual que os anteriores, por colección, excepto os apartados:

Para ler:

- Poesía
- Teatro
- Contos clásicos

- Contos de medo
- Narrativa en xeral

Para saber e aprender:

- Animais
- Manualidades
- Saber (este apartado ocupa bastante, pois colle de todo)

Lectores expertos .9 a 12 anos. **Etiqueta verde.**

Aquí temos os apartados xa con nº no canto, enriba da etiqueta, pois son maiores, e xa teñen que saber:

Teatro:82-T

Poesía: 82-P

Narrativa:

Humor

Aventura

Fantasia

Misterio

Terror

Ciencia Ficción

Clásicos xuvenís .85

Neste recanto temos tamén nunha estantería mais pequena os de nenos e nenas de máis de 12 anos, que levan etiqueta amarela. Como non son moitos, non levan clasificacións. Serían os de Laura Gallego Memorias de Idhun, Diario de Ana Frank, Harry Potter, ...Crónicas de Narnia.

Son libros que len ben, pero para poñelos en valor, poñémosllos nesta categoría.

Outra Subsección son os cómics. Eses témolos nunha estantería específica, e con etiqueta branca 82-C. E a última subsección en literatura é a de adultos. Témolos por orden alfabética de autores, coma nas bibliotecas públicas. Para profesores ou ex-alumnos/as que piden clásicos...

9 - CADRADO BLANCO no canto do libro:

Arqueoloxía. Historia. Xeografía. Biografías

Nós temos unha sección co nº 9 dedicada a Moaña, onde temos material de xeografía, historia, mapas, lendas, arqueoloxía...

91. Xeografía. Atlas

92. Biografía.

93 Historia.

Na aula de audiovisuais están os vídeos e DVDs témolos en audiovisuais. Nunha parte do armario están os de coñecemento, clasificados pola CDU, segundo o tema, e noutra parte do armario as de películas de entretemento. Todos están fichados no programa da biblioteca, o Meiga.

O criterio de compra para as películas de entretemento é o seguinte: basados nun conto, ou/e que sexan en galego.